



Avaliación da locomoción bovina: RoMS

Desde a APPB apostamos decididamente polo sistema RoMS, un rexistro de cualificadores de mobilidade que, ademais de garantir que se cumpren os estándares da industria, é unha ferramenta que pode ser de grande utilidade para o gandeiro. Nas seguintes páxinas explicamos en que consiste e o porqué desta aposta.



Miguel Ángel García Rodríguez
Veterinario Servet Ledesma SLP, Salamanca

A gandería afronta retos importantes no horizonte próximo, co benestar animal e a sustentabilidade no punto de mira da sociedade e, polo tanto, da industria alimentaria.

Contar con ferramentas obxectivas e eficaces que amosen que as granxas gozan dos máis altos niveis de benestar para o seu gando é crucial para manter os contratos coa industria que, como pode verse nas súas diversas campañas publicitarias, apostan por unha imaxe de responsabilidade ambiental e co benestar dos animais.

Un dos factores que máis inflúen no benestar animal nas explotacións gandeiras, e moi especialmente nas de vacún leiteiro, é o índice de coxeiras,

identificado coma un dos principais factores de perda de benestar e de produción, tanto en cantidade coma en calidade, e con profundas consecuencias noutras facetas da actividade gandeira, coma a reprodución.

Existen ferramentas de probada eficacia no control destes índices de coxeiras ou de mobilidade. Apicalas non só servirá para demostrar ante as auditorías da industria e ante o público que se toman as medidas necesarias para coidar dese benestar animal en toda a súa extensión, senón que, ademais, permiten establecer programas de recuperación de animais con problemas de mobilidade na granxa, cos tratamentos e frecuencias de recorte adecuados e, sobre todo, permite establecer programas preventivos para manter baixo control eses problemas multifactoriais que afectan aos pés das nosas vacas, o que repercutirá e na súa comodidade e, por extensión, na súa capacidade produtiva cuantitativa e cualitativamente.

Dende a Asociación de Profesionais da Pedicura Bovina de España e Portugal (APPB), apostamos decididamente polo sistema RoMS (Register of Mobiliy Scorers), que é o rexis-

tro de cualificadores de mobilidade, chamado así polas súas siglas en inglés. O porqué desta aposta merece unha pequena explicación previa.

Existen diversos sistemas para valorar a mobilidade do gando, uns baseados en avaliacións binarias (coxea/non coxea), outros en escalas que van dende 3 ata 9 graos diferentes, cada cal coas súas complexidades ou as súas simplezas e, naturalmente, as súas virtudes e os seus defectos.

► CONTAR CON FERRAMENTAS OBXECTIVAS E EFICACES QUE AMOSEN QUE AS GRANXAS GOZAN DOS MÁIS ALTOS NIVEIS DE BENESTAR PARA O SEU GANDO É CRUCIAL PARA MANTER OS CONTRATOS COA INDUSTRIA



Curso de Cualificación da Mobilidade RoMS, outubro 2022, Vila do Conde (Portugal), APPB

Ante a necesidade dunha ferramenta obxectiva de valoración estandarizada para a auditoría de calidade, a Xunta de Desenvolvemento Agrícola e Hortícola (AHDB polas súas siglas en inglés: Agriculture and Horticulture Development Board) desenvolveu un sistema de cualificación da mobilidade para o vacún leiteiro do Reino Unido, que axudase a avaliar obxectivamente a capacidade locomotora das vacas, máis descritivo ca un simple sistema binario, pero non tan complexo como para non poder ser usado na práctica con eficacia coma un baseado nunha escala de 9.

RoMS é a entidade independente que oficialmente acredita a formación dos calificadores que usan a sistemática ideada por AHDB, mantén un rexistro destes e controla que as auditorías se axusten a este esquema e cumpren cos requisitos de calidade, profesionalidade e independencia que son necesarios para desenvolver o seu labor.

Neste sentido, a cualificación da mobilidade que desenvolve RoMS serve para que as explotacións cumpran cos requisitos esixidos nesta materia pola industria leiteira ou as súas comercializadoras, que esixen un estado mínimo en canto a mobilidade ás súas granxas provedoras, polas repercusións que ten no benestar animal. Ao longo dos anos, RoMS demostrou unha consistencia que poucos máis poden demostrar, e o seu uso está amplamente estendido na industria e as entidades que velan pola calidade dos produtos alimentarios de

orixe animal, un modelo cara ao que se mira desde o resto dos países da zona europea.

Así, con este sistema as vacas son clasificadas segundo a súa cualificación en catro categorías, aínda que na práctica se adoita reducir a tres: 0: vaca sa con alta mobilidade ou con mobilidade normal

1: vaca con mobilidade levemente reducida (coxeira dificilmente detectable)

2: vaca con mobilidade moderadamente reducida (coxeira moderada)

3: vaca con mobilidade gravemente reducida (coxeira severa)

As categorías 0 e 1 agrúpanse nunha soa de cara ao resultado global de auditoría, aínda que o cualificador as rexistra separadamente. Poderíamos denominalas como vacas con mobilidade aceptable.

Pero RoMS converteuse nunha ferramenta de moita máis utilidade ►►

RAYADO Y PICADO de pasillos de establos

Marcos Villamide:
626 096 129



Marcos Villamide Construcciones S.L.U | Álvaro, s/n 27248 A Pastoriza (Lugo)

práctica que cumprir cos estándares da industria, empuxada pola esixencia social en canto ao que se entende na actualidade por calidade dos produtos de orixe animal: que sexan saudables, producidos respectando o benestar animal de maneira respectuosa co medio ambiente.

Ademais disto, é unha ferramenta que pode ser de grande utilidade para o gandeiro e máis se temos en conta que cada vez somos máis conscientes de que a gandería é un traballo en equipo e, se os resultados destas cualificacións se comparten cos podólogos, veterinarios e nutrólogos para, entre todos, establecer programas de saúde podal, nutrición e manexo, redundará non só nunha maior e mellor produción, senón nunha mellora das condicións de vida dos animais en as granxas, ou sexa, do benestar animal.



Pero como pode axudar na práctica na explotación?

Está demostrado por diferentes estudos que aproximadamente un terzo das coxeiras en fases iniciais pasan desapercibidas para o gandeiro ou o persoal das granxas. Detectar os animais que están a desenvolver unha coxeira en fases temperás e proporcionarlles a atención adecuada axiña fai máis fácil e máis eficaz o seu control ou o seu tratamento. A detección precoz fará que o número de vacas moderada ou severamente coxas se reduza de forma drástica dentro da explotación.

O uso de cualificacións rutinarias da mobilidade fará que a detección precoz permita actuar antes de que estes casos se convertan nun problema. Coñecidas as cualificacións e as categorías nas que clasificamos as vacas da granxa (0-1= sas, 2= moderadamente coxas e 3= severamente coxas), poderemos establecer un programa de saúde podal no que se determine a frecuencia das visitas do podólogo para recorte funcional (preventivo), o uso de pediluvios (produto, frecuencia, grupos de animais aos que dirixilo...) e tratamentos específicos para as vacas con cualificacións 2 e 3, xa sexan recortes terapéuticos, tratamentos médicos, ou ambos. Así mesmo, pódense facer axustes no manexo das racións, actuacións sobre o deseño da explotación ou sobre o manexo que se fai dos animais para mellorar o índice de mobilidade da granxa reducindo o índice de coxeiras.

Se imos un paso máis aló e formamos o persoal da granxa neste sistema de cualificación, non só seremos capaces de reducir de forma determinante ese terzo de coxeiras que se escapan de control, reducindo así a severidade dos casos que aparezan, senón que, ademais, se poderá facer a triaxe ou selección dos animais que necesitan recorte funcional e terapéutico, de xeito que se presentarán ao podólogo os animais que máis o necesitan antes de que desenvolvan lesións de difícil tratamento e pronóstico incerto e programaranse as visitas rutinarias de recorte preventivo para os momentos máis adecuados.

Esta metodoloxía non é caprichosa e está baseada en criterios científicos, relacionados coa biocinématica e a biodinámica, disciplinas da medicina veterinaria que estudan como se realiza o movemento dos animais e como actúan as forzas sobre a súa anatomía ao facelo. Á súa vez, estas disciplinas axudan a validar este tipo de métodos, é dicir, se as observacións para a cualificación son coherentes e repetibles en relación ao que realmente sucede ou, se pola contra, hai que facer axustes no método para que sexa fiable.



Estudo biocinémático dunha vaca con cualificación 1
Servet Ledesma SLP

► ROMS TEN DEMOSTRADO UNHA CONSISTENCIA QUE POUCOS MÁIS PODEN DEMOSTRAR E O SEU USO ESTÁ AMPLAMENTE ESTENDIDO NA INDUSTRIA E AS ENTIDADES QUE VELAN POLA CALIDADE DOS PRODUTOS ALIMENTARIOS DE ORIXE ANIMAL

Finalmente, debemos lembrar que este sistema é un método de avaliación da mobilidade, non un método diagnóstico, cuestión normalmente moito máis complexa que decidir se un animal simplemente está coxo ou non, e para o que é imprescindible recorrer ao veterinario da explotación.

CONCLUSIÓN

A valoración da mobilidade é unha metodoloxía práctica e fiable coa formación adecuada, destinada non só a demostrarlle á industria que se cumpre cos máis altos estándares na protección e mellora do benestar animal, senón que ten un valor incuestionable para a xestión da saúde podal do rabano, e cuxo potencial é enorme, especialmente se temos en conta o número de animais coxos que se escapan do radar ante a ausencia dunha metodoloxía consistente de observación. ■

MAGNIVA

FORAGE INOCULANTS

TOMA EL CONTROL DE LA CALIDAD DEL ENSILADO

Ser altamente eficiente en la producción de leche requiere un enfoque estratégico y las herramientas adecuadas.

Optimiza la producción de ensilado y maximiza el valor de tu forraje con los inoculantes MAGNIVA™ de Lallemand Animal Nutrition, científicamente probados.

Nuestra línea de inoculantes premium para forraje protege el valor de tu forraje en dos puntos críticos: fermentación y estabilidad en el desensilado. Como especialistas en fermentación microbiana, Lallemand Animal Nutrition te ofrece soluciones específicas para los desafíos, optimizando el proceso y preparándote para ganar.

**Información sobre nuestra
gama de inoculantes para forraje:**

**Un manual para el
control de su ensilado:**

LallemandAnimalNutrition.com

QualitySilage.com